

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 24 DE MARZO DE 2022

Ás 10:10 horas do día 24 de marzo de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 21 de marzo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Elena Ares Salgado, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral  
D. Ignacio S. Ojea Pérez, suplente da xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 5a, 6a e 10b)  
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 5b, 6b, 7b, 9a, 10a e 11)  
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste ao punto 7a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (25.377-332)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 21 de marzo de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

#### **b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación do céspede artificial e instalacións no campo de fútbol santa Mariña-Cabral" (759-441)**



|  |  |               |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 19/04/2024 04:04           | Páxina 1 de 6 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: A1AC42-582F2C-39B651-T8XRTN-WPPKT9-F1 |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |               |

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polos enxeñeiros industriais do programa Next Generation-UE e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos o 21 de marzo de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

## 6.- Apertura económica

### a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (25.377-332)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

|   | Licitadores                       | Redución do prezo | Incremento horas adicación Servizo orientación familiar (EAT) | Achega de materiais didácticos |
|---|-----------------------------------|-------------------|---|--------------------------------|
| 1 | AURORA PILAR Y ANA, S.L.          | 888.000,00 €      | 10 h/sem  | 5.062,05 €                     |
| 2 | COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.        | 892.540,00 €      | 10 h/sem  | 5.000,54 €                     |
| 3 | KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.L. | 977.363,50 €      | 10 h/sem  | 5.000,00 €                     |

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura D. Jacobo Rey Sanlés con DNI \*\*.75.45\* en representación de Colegio Los Milagros, S.L. e D<sup>a</sup>. Raquel Díez Nogueira con DNI \*\*.41.78\*, en representación de KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

Logo dun receso, entrégase na mesma sesión, o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 24 de marzo de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliable a través de fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

### b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación do céspede artificial e instalacións no campo de fútbol santa Mariña-Cabral" (759-441)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:



|  |   |               |
|--|---|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 19/04/2024 04:04            | Páxina 2 de 6 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: A1AC42-582F2C-39B651-T8XRNTN-WPPKT9-F1 |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |   |               |

|   | Licitador                      | Redución do prezo |
|---|--------------------------------|-------------------|
| 1 | MONDO IBÉRICA, S.A.U.          | 412.530,00 €      |
| 2 | PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. | 404.264,68 €      |
| 3 | URBAN GLOBAL 2018 S.L.         | 404.471,26 €      |

Asisten á apertura D<sup>a</sup>. Begoña Rivas Baltar con DNI **\*\*.\*13.5\***, en representación da Federación Gallega de la Construcción e D<sup>a</sup>. Paula Souto García, con DNI **\*\*.\*04.04\***, en representación de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

### 7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

#### a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía útil a través de gas natural e o mantemento integral (total) das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (4.267-611)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo adxunto e o xefe do Servizo de Deportes do 17 de marzo de 2022, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

#### b) Procedemento aberto para a contratación das obras do "Novo parque de bombeiros e protección civil" (1.136-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de data 17 de marzo de 2022, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que deseguido se relacionan por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

1. PROYECON GALICIA, S.A.
2. UTE CONSTRUCCIONES ABAL - REVIVIS REHABILITAÇÃO, RESTAURO E CONSTRUÇÃO, LDA

#### c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión da



|  |   |               |
|--|---|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 19/04/2024 04:04            | Páxina 3 de 6 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: A1AC42-582F2C-39B651-T8XR TN-WPPKT9-F1 |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |   |               |

## escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (25.377-332)

Retírase este asunto da orde do día porque no informe entregado no punto 6a se indica que non hai ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

### 9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

#### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da avenida Martínez Garrido, fase IV" (991-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 17 de marzo de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliada mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

### 10.- Propostas de clasificación/clasificación

#### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da avenida Martínez Garrido, fase IV" (991-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da avenida Martínez Garrido, fase IV" (991-441) na seguinte orde descendente:

|   | Licitador  | Puntuación total |
|---|--|------------------|
| 1 | CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)                                  | 98,87            |
| 2 | XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.   | 97,92            |
| 3 | ORECO S.A.U.   | 96,86            |
| 4 | CIVIS GLOBAL, S.L.U.   | 96,41            |
| 5 | ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.                                | 96,10            |
| 6 | NAROM SL   | 86,99            |
| 7 | OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.                         | 85,70            |
| 8 | UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L. - CITANIAS OBRAS Y | 82,45            |



**Servizo de  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO  
DE VIGO**



|   | Licitador                                 | Puntuación total |
|---|---|------------------|
|   | SERVICIOS, S.L.U.                         |                  |
| 9 | ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L. | 79,70            |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A-36.008.886), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (25.377-332)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión da escola infantil municipal de Mestres Goldar-Castrelos (25.377-332) na seguinte orde descendente:

|   | Licitadores                       | Puntuación total |
|---|-----------------------------------|------------------|
| 1 | COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.        | 98,32            |
| 2 | AURORA PILAR Y ANA, S.L.          | 86,00            |
| 3 | KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.L. | 50,53            |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. (B-36.626.109), para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigos 150.2, 137 e 119 da LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**11.- Propostas de adxudicación**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de seguimento, control e coordinación de seguridade e saúde das obras e equipos de traballo**



|  |  |               |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 19/04/2024 04:04           | Páxina 5 de 6 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: A1AC42-582F2C-39B651-T8XRTN-WPPKT9-F1 |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |               |

## xestionados polo Taller de Vías e Parque móbil municipal, dentro das competencias da Concellería de Fomento do Concello de Vigo (772-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con APPLUS NORCONTROL, S.L.U.

A continuación lembra que na sesión que tivo lugar o 10 de marzo de 2022 se notificou ao citado licitador a resolución de clasificación deste procedemento e se lle requiriu a documentación esixida polo artigo 150.2 da LCSP.

Durante o prazo concedido, o 18 de marzo de 2022, o licitador presentou documentación. Tras o seu exame, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade:

- Conceder un prazo de 3 días a APPLUS NORCONTROL, S.L.U. para que poida emendar a acreditación da solvencia técnica de acordo coas esixencias da cláusula 8.4.3º do PCAP.

O licitador presenta un certificado dunha entidade do sector público (Axencia Galega de Infraestruturas) relativo a un servizo análogo cun prazo de execución de 4 anos (desde o 3 de outubro de 2015 ata o 3 de outubro de 2019), no que non se detalla o importe anual e ademais expedido o 14 de xullo de 2016, polo que non resulta acreditado que realizou servizos análogos aos do obxecto do contrato nalgún dos últimos tres anos, tal e como esixe a cláusula 8.4.3º do PCAP.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:45 horas, logo dun receso de 50 minutos. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



|  |  |               |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 19/04/2024 04:04           | Páxina 6 de 6 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE   | CSV: A1AC42-582F2C-39B651-T8XRTN-WPPKT9-F1 |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |               |